

Non é novo que desde o Museo Thyssen-Bornemisza consideremos as nosas salas como un espazo polo que transitar e onde realizar diferentes percorridos. Sempre buscamos temas, ideas ou motivos que nos permitisen ir dunha obra a outra, sen que a razón fose sempre cronolóxica.

Agora temos unha compoñente nova: tratar de analizar algúns destes camiños de descubrimento e unilos a aquilo que desde a Idade Media se deseñou como un camiño de transmisión de coñecementos e de encontros: o Camiño de Santiago.

O Camiño de Santiago foi declarado Patrimonio da Humanidade e Itinerario Cultural Europeo, e recibiu o título honorífico de «Rúa Maior de Europa», o que demostra a súa importancia como rede cultural europea.

*Os contos do Camiño* é o título do proxecto que realizamos conxuntamente con OQO Editora, La Compagnie Cr  ative, O Bichinho de Conto e o Museo Thyssen-Bornemisza, no cadre do Programa Cultura 2007-2010 da Unión Europea.

A presente gu  a did  ctica est   dirixida a profesores e escolares e prop  n a idea do Cami  o como unha enorme rede de cultura humana. As colecc  ons do Museo inspirar  onos para crear tres percorridos tem  ticos con este f  o condutor:

1

Un labirinto de cami  os

2

Viaxes e viaxeiros

3

Abrir cami  os

1

---

## Un labirinto de camiños

Neste percorrido proponse a idea do Museo como un labirinto, un espazo no que cada visitante traza o seu camiño e, polo tanto, converte o Museo nun cruzamento de camiños. Proponse tamén a idea do labirinto como xogo e a súa relación con xogos tradicionais como o da oca.

2

---

## Viaxes e viaxeiros

O afán viaxeiro do home levouno ao longo da historia a percorrer países e a crear rutas que estiveron na orixe de descubrimientos e de coñecemento. A través das obras da colección, achegarémonos a algunas dasas grandes rutas, como a Ruta da seda, aprenderemos o que era o *Grand Tour* e veremos os descubrimientos das rutas científicas no continente americano.

3

---

## Abrir camiños

O camiño da historia da arte está sucado por artistas que foron xerando novas vías. Os cambios no pensamento e os cambios estéticos favoreceron mudanzas, ás veces sutís e ás veces radicais, na representación da realidade que nos rodea.

# 2

---

# Viaxes e viaxeiros

---

## Actividade 1

Hai outros elementos, como a cultura, a arte ou a relixión, que viaxaron tamén ao longo e largo da Ruta da seda. Investiga sobre estes aspectos, busca exemplos e compárteos cos teus compañeiros na aula.

Frans Post

*A igrexa de San Cosme e San Damián e o mosteiro*

*franciscano de Igaraçu, Brasil, c. 1660-1680*

Colección Carmen Thyssen-Bornemisza, en depósito  
no Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



## Actividade 2

A Ruta da seda desde Samarcanda dividíase en dous camiños: unha vía marítima que atravesaba os mares Caspio, Negro e Adriático ata chegar a Roma, e outra terrestre, que terminaba en Alexandria e atravesaba Irán e Iraq. Busca un mapa da Ruta da seda, traza estes dous camiños e localiza o nome dos países por onde pasaba. Busca agora un mapa actual, traza a mesma ruta e localiza os países por onde pasaría hoxe en día. Mudaron as fronteiras?

Gaspar van Wittel, chamado “Gaspare Vanvitelli”

Piazza Navona, 1699

Colección Carmen Thyssen-Bornemisza, en depósito no Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



## Actividade 3

A partir da segunda metade do século XVII e no século XVIII, púxose de moda entre os mozos das clases medias-altas británicas a realización dunha viaxe que poderíamos denominar de iniciación, tendo en conta que con ela remataba a súa vida de estudantes e comezaba a vida de adulto. Esta viaxe coñécese como o *Grand Tour*, e a súa duración oscilaba entre uns meses e varios anos, en función do nivel económico do mozo en cuestión.

Investiga sobre esta obra do Museo Thyssen-Bornemisza e indaga que relación ten co *Grand Tour*. A que países se dirixían estes viaxeiros? Podes investigar tamén sobre outros pintores cuxa obra estea tamén relacionada con esta viaxe iniciática. Nas nosas coleccións encontrarás máis exemplos.



#### Actividade 4

Existen outras rutas e viaxes que nos parece interesante que coñezas e que teñen un reflexo na historia da pintura. Referímonos ás rutas científicas, ás viaxes que emprenderon científicos e debuxantes na procura dunha nova flora e fauna. No século XVIII cobrou un gran impulso o estudo directo da natureza e creáronse as sociedades científicas. Organizáronse grandes expedicións para explorar novas terras e catalogar especies descoñecidas. Aquí tes un exemplo na obra de Martin Johnson Heade, fascinado polos colibrís do Trópico, que estudou e pintou reiteradamente.

Investiga sobre estas rutas científicas, sobre que animais e plantas foron descubertos nesta época. Podedes empregar varias cartolinhas de tamaño folio para crear o voso propio caderno de viaxe de debuxante e debuxar, con diferentes tipos de pinturas, flores, plantas ou paisaxes, como se fósedes aqueles científicos e descubridores.



Martin Johnson Heade  
*Amencer en Nicaragua*, 1869  
Colección Carmen Thyssen-Bornemisza, en depósito  
no Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



DG Educación y Cultura

Programa Cultura

Organiza:

educa●●●  
thyssen

OQO editora



O BICHINHO DO CONTO  
editora



Colabora:



XACOBEO 2010  
Galicia

# Os contos do Camiño

«Hai na beira do mar da citada provincia unha cidade chamada Laias, boa e grande, de comercio activo; porque sabede que todas as especias e panos do Éufrates chegan a esta cidade, e tamén todas as demais cousas preciosas. Hai abundancia de algodón. E os mercadores de Venecia, Pisa e Xénova e os de todas as partes do interior van alí mercar e vender, e alí teñen os seus depósitos».

Marco Polo, *O Libro das Marabillas*

Na antigüidade, a viaxe deu lugar ao comercio e ao intercambio entre as culturas. Estableceronse rutas permanentes que serviron para intercambiar todo tipo de produtos. Sen dúbida, unha das más famosas é a Ruta da seda.

A Ruta da seda orixinouse no século II a. C., en principio por unha necesidade de crear alianzas cos reinos do oeste e do noroeste e de frear os hunos. Foi o emperador Wudi, da dinastía han, quen abriu esta ruta de comunicación a través de Asia.

A función principal da ruta era o comercio da seda, cuxa principal clientela estaba nos portos de Roma e Alexandria. A seda chegou a Roma arredor de metade do século I a. C. Foise creando unha gran rede de rutas comerciais e culturais entre Asia e Europa, que se mantivo, con interrupcións, ata o século XVII.

A mercadoría más prezada que circulaba era a seda, pero había outros numerosos produtos cos que tamén se comerciaba: outros tecidos como o liño, os algodóns, as muselinhas indias, as perlas, as pedras e madeiras preciosas, as especias, a nácaro e ata os animais ferozes.

## Viaxes e viaxeiros

Luca di Tommè  
*A Adoración dos Magos*, c. 1360-1365  
(detalle)

Nicolas Maes  
*O tamborileiro desobediente*, c. 1655  
(detalle)

Willem Kalf  
*Bodegón con augamanil, froitas, copa nautilus e outros obxectos*, c. 1660  
(detalle)

Jan Jansz. van der Heyden  
*Recuncho dunha biblioteca*, c. 1710-1712  
(detalle)

William Merritt Chase  
*O quimono*, c. 1895  
(detalle)

Renato Guttuso  
*Caffè Greco*, 1976  
(detalle)



Luca di Tommè  
*A Adoración dos Magos*, c. 1360-1365

Témpera sobre madeira, 41 x 42 cm  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



*Desde a antigüidade, as especias foron un produto moi prezado e tamén con elas se comerciou ao longo da Ruta da seda. A palabra «especias» procede do latín species, que significa «esencial». As especias e as resinas aromáticas vexetais foron moi importantes para o home e algunas eran empregadas en ceremonias relixiosas. Estes produtos chegaban a Europa en caravanas que cruzaban Asia por terra, sendo os comerciantes italianos os encargados da súa distribución no resto de Europa.*

Nesta escena contemplamos a ofrenda de dúas especias: incenso e mirra. Moitas son nomeadas na Biblia. Eran considerados obxectos preciosos e por iso adoitábanse ofrecer como presentes entre reis ou constituían impostos que os vencedores dunha guerra impuñan aos derrotados.

Esta táboa de Luca di Tommè, titulada *A Adoración dos Magos*, formaba parte dunha predela dun altar. Nela aparece a Virxe María sentada sobre un coxín e achegando o Neno, quen bendí a Melchor coa man. Este deixou unha coroa no chan en sinal de respecto, mentres os outros reis esperan a súa quenda para ofrecer os agasallos. San Xosé está na porta da cova ollando con atención unha das ofrendas. Os agasallos teñen un carácter simbólico: o ouro representa a natureza real de Xesús, o incenso a natureza divina e a mirra a natureza humana.

Nicolas Maes  
*O tamborileiro desobediente*, c. 1655

Óleo sobre lenzo, 62 x 66,4 cm  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



*Coa toma de Constantinopla en 1453 por parte do Imperio Turco, as rutas terrestres monopolizadas polos mercadores xenoveses e venecianos foron interrompidas e isto obrigou os comerciantes europeos a buscar novos camiños. O obxectivo era encontrar unha ruta marítima cara a Asia para continuar co comercio das especias de Oriente, evitando o mar Mediterráneo, que estaba baixo o control turco.*

*Desta maneira, Portugal e España, cun gran desenvolvemento da navegación, tomaron a dianteira, desbancando os italianos. As novas rutas abarataban os custos dos produtos e facíanos más accesíbeis para a poboación. Outra consecuencia da apertura destas vías foi o descubrimento de novos territorios e unha mudanza na concepción que se tiña do mundo ata ese momento.*

---

*O tamborileiro desobediente*, de Nicolaes Maes, foi pintado cerca do ano 1655. Nese período, Holanda conseguiu expandirse polo Índico e o Atlántico por medio das compañías holandesas das Indias Orientais e das Indias Occidentais, desbancando os portugueses e españoles e converténdose na primeira potencia comercial mundial. Comerciarán con especias como a canela, o azafrán, a pemento e o cravo.

No cuarto onde se desenvolve esta escena, vemos un mapa colgado na parede do fondo. Isto era habitual nos fogares das familias burguesas, xa que os mapas eran considerados un obxecto de luxo e un símbolo, polo tanto, do status social.

Willem Kalf  
*Bodegón con augamanil, froitas, copa nautilus  
e outros obxectos, c. 1660*

Óleo sobre lenzo. 111 x 84 cm  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



*A Ruta da seda fixo que comezasen a coñecerse en Occidente materiais ata entón descoñecidos como, por exemplo, a porcelana chinesa, que chegou a Europa durante a Idade Media, traída polos mercadores italianos que viaxaban entre Europa e Asia.*

*A primeira persoa que describiu un método de fabricación da porcelana para os europeos foi Marco Polo. N'O libro das marabillas, describe así a fabricación da porcelana: «extráese da mina unha terra coa que se fai un montículo que debe ficar exposto á chuvia, ao vento e ao sol durante corenta anos sen ser removido. Así, aquela terra vaise depurando, vólvese fina e está preparada para a fabricación das vasillas. As pezas son decoradas coas cores desexadas e colocadas en grandes fornos...».*

---

Neste bodegón ocupa un lugar destacado un augamanil de porcelana de orixe oriental. Os bodegóns de Willem Kalf, que se caracterizan polo escaso número de obxectos coidadosamente seleccionados, convértense nunha especie de carta de presentación do dono desas pezas, moi exclusivas e valiosas. Este gusto polo colecciónismo presume un poder económico que, dalgunha maneira, fica plasmado na obra pictórica.

Jan Jansz. van der Heyden  
*Recuncho dunha biblioteca*, c. 1710-1712

Óleo sobre lenzo, 77 x 63,5 cm  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



*Como consecuencia dos novos descubrimentos de ultramar, a cartografía experimentou un importante impulso. Os comerciantes e navegantes europeos precisaban dun maior coñecemento xeográfico e do perfeccionamento das artes da navegación. Todo ese saber vaise acumulando en libros, mapas e globos terráqueos. A cidade de Antuerpia convértese durante a primeira metade do século XVII no centro cartográfico máis importante.*

*Recuncho dunha biblioteca* presenta con absoluta precisión un interior burgués, ricamente decorado. Os obxectos retratados mostran a importancia que ten a cartografía nos Países Baixos, pola relación cos seus intereses comerciais. Na peza vemos un ambiente de traballo cunha esfera terrestre, unha esfera celeste e unha esfera armilar. No fondo aparecen varios mapas enrolados apoíados no lateral da libraría e unha lanza oriental. Sobre a mesa cuberta por un tapete chinés están as esferas e un atlas aberto.

William Merritt Chase  
*O quimono*, c. 1895

Óleo sobre lenzo, 89,5 x 115 cm  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



A mediados do século XIX, Xapón abriuse ao comercio con Occidente, con Europa e América. Chegaron as estampas xaponesas de Hokusai e Hiroshige, que cativaron os pintores impresionistas. O xaponismo converteuse nunha moda e proliferaron as coleccións de obxectos orientais.

O pintor americano William Merritt Chase viaxou a Europa, onde entrou en contacto co gusto polo oriental. De feito, el mesmo foi colecciónista de obxectos exóticos.

*O quimono* é unha mostra da influencia xaponesa na obra de Chase e fai parte dunha serie de retratos con quimono de familiares. Malia non distinguirse ben os seus trazos, pódese ver que a moza é occidental. Está vestida cun quimono xaponés dunha rica seda brillante, na cintura leva un cinguideiro de seda verde chamado obi e ten o cabelo recollido tamén á moda xaponesa. Toda a escena está concibida como un decorado: hai un biombo, unhas estampas e unha cadeira de bambú.

Renato Guttuso  
*Caffè Greco, 1976*

Acrílico sobre cartón, 186 x 243 cm  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid



*Agora existen outras motivacións para viaxar. As persoas viaxan por lecer, descanso ou cultura, razóns moi diferentes das daquelas viaxes motivadas por guerras, migracións ou comercio. Aparece neste xeito unha nova maneira de concibir a viaxe. Agora os turistas móvense polo mundo, desde Oriente viáxase a Occidente e as cidades convértense en puntos de encontro das máis diversas culturas.*

Hai lugares que se converten en visita obrigada para os turistas e en espazos onde a historia vai deixando a súa pegada. Este café inaugurouse na famosa Via Condotti de Roma no ano 1760. Por el pasaron, na súa visita á cidade, escritores e artistas como Keats, Goethe, Stendhal ou Baudelaire. Tamén músicos como Listz, Bizet ou Wagner compuxeron pezas nos seus veladores.

Renato Guttuso realizou esta pintura preparatoria con acrílico sobre cartón para un lenzo que actualmente se encontra nun museo en Colonia. Na chamada «*sala rossa*», é dicir, sala vermella, pola cor vermella da tea das súas paredes, repleta de espellos, cadros e esculturas, diferentes personaxes conversan, toman café ou simplemente observan o que hai arredor.

O personaxe sentado á esquerda é o pintor Giorgio de Chirico, a quen Guttuso rende homenaxe con Caffè Greco. O outro personaxe histórico que aparece no cadro é o Coronel William Cody, coñecido como Buffalo Bill, que visitou Roma co seu circo ecuestre. Ademais, ocupan as mesas do café unhas turistas suecas, uns xaponeses coa súa cámara de fotos ao lombo, uns mozos a parolar e algún cliente solitario.

Edita  
Fundación Colección Thyssen-Bornemisza

Textos  
Begoña de la Riva

Coordinación  
Ana Moreno

Diseño gráfico  
Sánchez/Lacasta

Preimpresión  
Lucam

Impresión  
Brizzolis

Todos os dereitos reservados  
© dos textos: os seus autores  
© da presente edición: Fundación Colección Thyssen-Bornemisza

Canaletto  
*A praza de San Marcos, en Vénecia, c. 1723-1724*  
Museo Thyssen-Bornemisza, Madrid